

Ruta a San Ourente de Entíns




Sáimos da Casa do concello polo paseo fluvial en dirección S. Oriente ata a súa fin.



Logo de percorrer o paseo, debemos seguir uns 500m pola carretera e coller o desvío á man dereita que nos levará á parroquia de San Ourente de Entíns. A Igrexa é do século XVIII, destaca pola súa elegancia e monumentalidade que se deixan ver tanto no exterior coma no interior do edificio.

Ten un amplo adro e unha grande altura grazas a escalinata que a precede. No interior amplas bóvedas de pedra.



A decoración escultórica dos retablos pertencen ao escultor noiés Xosé Ferreiro, que realizou unhas esveltas figuras de estilo neoclásico en todo o conxunto.



Este santuario alberga o corpo de San Campio, mártir cristián que puído ser militar. O seu corpo foi soterrado no cemiterio de San Calisto en Roma, xunto a un vaso tinguido de sangue. O 5 de xullo de 1795 veu descansar para sempre a Entíns.

No adro da igrexa atópanse dous *cruceiros* a ambos os dous lados da fachada, e un terceiro no interior do cemiterio.



Detrás da igrexa está a *Capela de Nosa Señora do Rial*, antigo Mosteiro de pequenas dimensións, cunha única nave e presidido por un altar maior co retablo ca figura da Virxe do Rial.



Para moitos a máis fermosas de todas as Virxes. Na actualidade está pendente de ser restaurada, algo que non lle resta beleza á Capela.



No exterior está a fonte que segundo din estaban soterradas as dúas únicas monxas que habitaban no lugar.

Conxunto que debemos destacar como de visita obrigada.

Unha vez na Capela do Rial, para voltar de novo ata o Concello de Outes, subiremos en dirección á Igrexa de San Orente, collemos o desvío á man esquerda, e ahí poderemos iniciar un percorrido ploas agras de Entíns e Fontenlos que nos levarán de volta ó punto de partida desta ruta, é dicir, á Serra deOutes.

Algo máis que saber:

Os Cruceiros do Adro da Igrexa de San Ourense.




- *Cruceiro da dereita*. Ten unha plataforma de tres chanzos, aínda que o primeiro está a ras do chan e apenas se aprecia. O pedestal é cilíndrico e sobre el a columna que sustenta a cruz carente de decoración, excepto nos remates que teñen forma de floróns.



- *Cruceiro da esquerda* tamén coñecido como *Cruceiro de San Campio*. Consta de tres plataformas e un pedestal cilíndrico co escudo de armas por diante e balaustradas por detrás. A cruz é octogonal de remates decorados con formas vexetais.



- *Cruceiro do cemiterio*. Tallado por Xosé Ferreiro en 1801, de grande altura e esvelteza debido á plataforma de cinco chanzos e pedestal conformado por varios corpos. A cruz é cilíndrica cun Cristo por diante e unha Dolorosa sedente sobre un trono de nubes e anxos, por detrás.



San Campio. Recoñéceselle a este santo a curación dos males nerviosos e as enfermidades da cabeza. A tradición di que o día da romaría (29 de setembro) hai que lavar a cara e a cabeza na fonte do santuario e pasar por diante da urna das reliquias, ao mesmo tempo que se pousan nela panos, rosarios ou medallas para levarlle posteriormente ao doente.

Dificultade da Ruta: Baixa

Lonxitude: 2 quilómetros

Plano Ruta

